



# Programa de Voluntariado

---



## ANTECEDENTES:

Dende o seu nacemento, o 26 de novembro de 1996, a Asociación Viguesa de Esclerosis Múltiple de Pontevedra (AVEMPO) ten unha vocación altruísta e solidaria nas que os seu fundadores/as sentan as bases da acción voluntaria e axuda mutua.

Dende os seus inicios os membros da xunta directiva realizaron servizos voluntarios en actividades como: información e asesoramento de recursos e dereitos, atención telefónica, acollida a novos/as socios/as, trámite de subvencións, recursos...

O Programa de voluntariado de AVEMPO, pónse en marcha no ano 2009, pola existencia dunha serie de necesidades, que non sempre podían ser atendidas polo persoal laboral, órgano de representación ou organismos oficiais.

Os motivos principais para a implementación deste programa foron:

- Apoio nas actividades e campañas de sensibilización e captación de fondos e socios/as, que requiren dun apoio superior ao que poden acadar os profesionais remunerados da entidade.
- AVEMPO, de xeito puntual realiza actos solidarios que precisan da colaboración de moitas persoas na súa organización e desenvolvemento.
- A necesidade de canalizar adecuadamente a oferta de persoas que queren colaborar coa entidade sen ánimo de lucro en diferentes obradoiros que se realizan para os/as socios/as.

AVEMPO, foi inscrita no rexistro de entidades de acción voluntaria da Xunta de Galicia o 23 de setembro de 2010 co número O-577.

## FASES DO PROGRAMA:

### 1. Sensibilización e captación .

Damos a coñecer a nosa entidade, laboura diaria e necesidades nas que se pode colaborar, a través da páxina web, facebook, twitter, instagram... Tamén nas diferentes campañas e actos solidarios que facemos ao longo do ano.

Outras canles onde promocionar as necesidades de voluntariado da entidade sería a través de:

- páxina web [voluntariadogalego.org](http://voluntariadogalego.org)
- na oficina municipal de voluntariado dependentes do Servizo e Voluntariado e Participación e Concello de Vigo.

## 2. Acollida.

Unha vez amosado o interese en colaborar, convócanse ás persoas interesadas na sede da entidade para proceder a unha reunión informativa sobre a esclerose múltiple, a entidade, os servicios e actividades que ofrecemos xunto cos detalles en concreto que poden realizar como voluntarios/as na entidade así como os pasos do proceso de formación e incorporación.

Trala reunión propónse a firma do acordo de colaboración entre o representante legal da entidade e a persoa voluntaria ó abeiro do artigo 13 da Lei 10/2011, do 28 de novembro, de acción voluntaria. De dito acordo, asinaranse dous exemplares, de xeito que cada parte disporá dun exemplar orixinal. Procederáse á inscrición no libro de rexistro de voluntarios /as onde se xestionan as altas e baixas sendo responsable do mesmo o departamento de traballo social.

Segundo o establecido no apartado 3º do art. 6 da Lei de acción voluntaria, os menores de idade poderán participar en programas de voluntariado especificamente adaptados ás súas características. Para iso, ademais do acordo ou compromiso de incorporación, requírese a autorización expresa dos seus pais, titores ou da institución que teña os menores ó seu cargo.

## 3. Formación

Antes de comezar a actividade voluntaria levarase a cabo un periodo de formación o cal consta de dúas sesións teóricas nas que se trata a seguinte materia:

- A esclerose múltiple, características, sintomatoloxía, formas de evolución...
- Sobre a entidade: historia, obxectivos, servicios, actividades e funcionamento.
- Dereitos e deberes das persoas voluntarias.
- Outra formación específica segundo a tarefa que se vaia desenvolver.

## 4. Incorporación e modalidades

Concrétase o día e a hora de comezo das tarefas con cada persoa voluntaria así a periodicidade da mesma segundo o compromiso de colaboración asinado.

As persoas voluntarias realizarán actividades altruistas de interese social relacionadas con:

- Participación en mesas informativas e de cuestión con motivo do Día Mundial e Nacional da Esclerose Múltiple.
- Colaboración coa entidade na organización e desenvolvemento de eventos solidarios, galas, campañas...
- Confección e distribución de materiais relacionados coa difusión de actividades de AVEMPO.
- Realización de obradoiros dirixidos á persoas socias afectadas de esclerose múltiple como: artesanía, ioga, organización de materiais para eventos...

AVEMPO, previa incorporación, inscribirá á persoa voluntaria na póliza de seguro de accidentes e responsabilidade civil a cal cubre tanto os danos sufridos polas persoas voluntarias, como os ocasionados a terceiros no exercicio da actividade de voluntariado.

## 5. Seguimento e Avaliación

Levarase a cabo mensualmente mediante entrevistas individuais nas que se comenta calquera incidencia e concretase a programación mensual.

As persoas voluntarias teñen dereito á expedición dun certificado de participación ó remate do compromiso segundo o art. 7.i) da Lei 10/2011 de acción voluntaria, as persoas voluntarias recibirán certificación da súa participación nos programas de voluntariado das entidades nas que colaboraron. En concordancia con este dereito das persoas voluntarias, o art. 11.g) regula como obriga das entidades de voluntariado “certifica-la actividade das persoas voluntarias con constancia dos seus datos persoais identificativos e a duración e natureza da actividade desenvolvida” .

# Anexo I:

**PROCEDIMIENTO A SEGUIR, POLAS ENTIDADES DE VOLUNTARIADO, PARA A  
INCORPORACIÓN DE PERSOAS VOLUNTARIAS ÓS SEUS PROGRAMAS**

**1) Sinatura do Acordo de Colaboración entre o representante legal da entidade e a persoa voluntaria Asinarase un acordo de colaboración, entre o representante legal da entidade e a persoa voluntaria, ó abeiro do artigo 13 da Lei 10/2011, do 28 de novembro, de acción voluntaria.** De dito acordo, asinaranse dous exemplares, de xeito que cada parte disporá dun exemplar orixinal. Segundo o establecido no apartado 3º do art. 6 da Lei de acción voluntaria, os menores de idade poderán participar en programas de voluntariado especificamente adaptados ás súas características. Para iso, ademais do acordo ou compromiso de incorporación, requírese a autorización expresa dos seus pais, tiores ou da institución que teña os menores ó seu cargo.

## **2) Inscripción no libro de rexistro de voluntarios**

2.1.- No libro de rexistro a entidade inscribirá ás persoas voluntarias unha vez asinado o acordo ou compromiso de incorporación ó seu programa de voluntariado.

2.2.- O rexistro de voluntarios poderá formalizarse a través dun libro en papel ou mediante procedementos informáticos.

2.3.- Este rexistro dependerá e será xestionado directamente por cada entidade, correspondéndolle, así mesmo, a actualización das altas e baixas producidas.

2.4.- O rexistro será público e poderán acceder, ós seus datos, os afectados, podendo solicita-las certificacións que precisen ou consideren necesarias.

2.5.- O rexistro deberá conte-la seguinte información: nome da persoa voluntaria, DNI, nome da entidade, programa ó que se adscribe, data de inscrición do voluntario á entidade, data de baixa, observacións.

2.6.- A certificación á que ten dereito toda persoa voluntaria, segundo o artigo 7.i) da Lei 10/2011, farase en base ós datos contidos no libro-rexistro existente na entidade ou organización, na que a persoa voluntaria presta a súa colaboración, así como nos datos contidos no acordo de colaboración, previamente asinado. Este certificado será expedido polo órgano competente da entidade de voluntariado.

2.7.- A inscrición de persoas voluntarias no libro-rexistro do centro no que prestan a súa colaboración é incompatible coa prestación de servizos retribuídos de calquera natureza no mesmo centro, para garantir a non interferencia laboral.

2.8.- Non se procederá á inscrición como persoa voluntaria daqueles que realicen actividades que non sexan de interese xeral e altruísta ou que incumpran os requisitos da lei do voluntariado ou disposicións complementarias.

2.9.- O rexistro de persoas voluntarias terá carácter público, independentemente da aplicación da lexislación relativa á protección de datos de carácter persoal. Non se poderán utilizar estes datos para fins distintos ós establecidos neste acordo.

**3) Efectua-la alta na Póliza de seguro de accidentes e responsabilidade civil (art. 11 i) Lei 10/2011, do 28 de novembro) As entidades de acción voluntaria deberá acreditar a subscripción dunha póliza de seguros que cubra, tanto os danos sufridos polas persoas voluntarias, como os ocasionados a terceiros no exercicio da actividade de voluntariado. 4) Certificado de participación, como persoas voluntarias, ó remate do Compromiso Segundo o art. 7.i) da Lei 10/2011 de acción voluntaria, as persoas voluntarias recibirán certificación da súa participación nos programas de voluntariado das entidades nas que colaboraron. En concordancia con este dereito das persoas voluntarias, o art. 11.g) regula como obriga das entidades de voluntariado “certifica-la actividade das persoas voluntarias con constancia dos seus datos persoais identificativos e a duración e natureza da actividade desenvolvida”. Dentro do respecto á liberdade de forma, ofrécese un modelo-tipo de certificado para facilitar o exercicio da responsabilidade das entidades.**

# Anexo II:

## MODELO DE COMPROMISO DE COLABORACIÓN

**CONCERTADO POR:**

Dunha parte, (nome da entidade) ..... e co número de rexistro<sup>1</sup> ..... ; e, no seu nome e representación, D<sup>a</sup>/ D..... , maior de idade, con DNI n<sup>o</sup>....., (en adiante “A ENTIDADE”).

Doutra parte, D<sup>a</sup> / D. ...., nado o día .....con DNI n<sup>o</sup> .....  
....., número de póliza de seguro n<sup>o</sup>....., veciño de..... , con domicilio na rúa ..... n<sup>o</sup> ..... Localidade....., Provincia....., e-mail ..... , teléfono móbil.....(en adiante “A PERSOA VOLUNTARIA”).

Todas as partes recoñécense mutuamente plena capacidade para realizar o presente ACORDO DE COLABORACIÓN, para os fins do que

**MANIFESTAN:**

**I.-** A ENTIDADE está constituída con personalidade xurídica autónoma/dependente [rísquese o que non proceda] de....., e ten como obxecto e fins .....

Para a consecución deses fins, A ENTIDADE estableceu programas de voluntariado.

**II.-** A PERSOA VOLUNTARIA está interesado en colaborar de maneira altruísta no marco do programa de voluntariado da ENTIDADE:

**III.-** Para formalizar as relacións que ámbalas dúas partes queren establecer, dando cumprimento ao disposto na Lei 10/2011, do 28 de novembro de acción voluntaria de Galicia (DOG n<sup>o</sup> 242 do 21 de decembro de 2011), é polo que se realiza o presente ACORDO DE COLABORACIÓN, que se rexerá polas seguintes



## CLÁUSULAS:

### Primeira.- Carácter altruísta da relación:

A colaboración que preste a PERSOA VOLUNTARIA en calquera dos programas da ENTIDADE terá un carácter totalmente altruísta e gratuito, sen que devengue ningún tipo de salario, honorarios, prima, dietas ou calquera outra contraprestación de carácter retributivo. En ningún caso poderá tratarse, en consecuencia, dunha relación laboral, funcionarial, mercantil ou calquera outra retribuída.

### Segunda.- Dereitos e deberes da persoa voluntaria:

#### 1. A PERSOA VOLUNTARIA ten os seguintes dereitos:

- Recibir orientación, formación e apoios necesarios para o exercicio da súa actividade.
- Participar activamente na Entidade, de acordo cos seus estatutos e normas de actuación.
- Dispor dunha acreditación que lle identifique como persoa voluntaria da entidade.
- Realizar a súa actividade nas debidas condicións de seguridade e hixiene.
- Ser tratado sen discriminación, respectando a súa liberdade, dignidade e crenzas.

<sup>1</sup> N° de rexistro de entidades de voluntariado regulado pola Orde 14 de marzo de 2014, pola que se regula o Rexistro de Acción Voluntaria de Galicia (DOG n° 55 do 20 de marzo de 2014), previsto na disposición derradeira 2ª da Lei 10/2011, do 28 de novembro de acción voluntaria de Galicia (DOG n° 242 do 21 de decembro de 2011),

- Recibir certificación da súa participación nos programas e proxectos de voluntariado, que poderán, se é o caso, como recoñecemento do seu valor social, ser obxecto de valoración no seu currículo.
- Cesar libremente na súa condición de persoa voluntaria.
- Ter a cobertura dun seguro que cubra os riscos de accidentes e de responsabilidade civil que se poidan derivar do exercicio da actividade voluntaria.
- Ser reembolsado dos gastos que realice no desenvolvemento das súas actividades.
- Calquera outro dereito recoñecido na lei e no resto do ordenamento xurídico.

#### 1. A PERSOA VOLUNTARIA ten as seguintes obrigas:

- Cumprir os compromisos adquiridos coa ENTIDADE, respectando os seus fins e normativa.
- Gardar a confidencialidade da información recibida e coñecida no desenvolvemento da súa actividade voluntaria.
- Respectar os dereitos dos beneficiarios da súa actividade voluntaria. Actuar de forma dilixente e solidaria.
- Participar nas tarefas formativas previstas pola ENTIDADE, tanto específicas da actividade voluntaria como xerais sobre o voluntariado.
- Seguir instrucións axeitadas aos fins da acción, impartidas no desenvolvemento das actividades encomendadas.
- Respectar e coidar os recursos materiais que poña a su disposición A ENTIDADE.
- Rexeitar calquera contraprestación material que puidera recibir, ben do beneficiario, ben doutras persoas relacionadas coa súa acción.
- As demais obrigas establecidas pola lei e polo resto do ordenamento xurídico

### Terceira.- Deberes da Entidade:

A ENTIDADE comprométese coa PERSOA VOLUNTARIA a:

- Cumprir os compromisos adquiridos neste acordo.
- Subscribir unha póliza de seguro, que cubra os riscos derivados da acción do voluntariado, tanto de accidentes como de responsabilidade civil.
- Cubrir os gastos derivados da prestación do servizo e dotar ás persoas voluntarias dos medios adecuados para o cumprimento dos seus cometidos.
- Establecer os sistemas internos de información e orientación axeitados para a realización das tarefas que sexan encomendadas as persoas voluntarias.
- Proporcionarlle a información específica e a orientación necesaria para a súa actividade.
  
- Garantirle a realización da súa actividades nas debidas condicións de seguridade e hixiene.
- Facilitarlle unha acreditación que lle habilite e identifique para o desenvolvemento da súa actividade.
- Expedirle un certificado da súa experiencia nas actividades de voluntariado nas que participou como persoa voluntaria.
- As demais obrigas establecidas pola lei e polo resto do ordenamento xurídico

### Cuarta.- Contido das funcións e actividades da persoa voluntaria:

A PERSOA VOLUNTARIA prestará a súa colaboración no Programa de Voluntariado da ENTIDADE: .....(nome do programa)....., participando nas actividades .....e coas seguintes funcións.....

### Quinta.- Tempo de dedicación que se compromete a realizar A PERSOA VOLUNTARIA:

A PERSOA VOLUNTARIA participará en diferentes actividades correspondentes ao `programa .....Dadas as características do proxecto, no que as actividades vanse desenvolvendo de maneira heteroxénea ao longo do ano, A PERSOA VOLUNTARIA non desenvolve un número de horas mínimo por semana, senón que estas vanse adaptando ás necesidades.

A PERSOA VOLUNTARIA prestará a súa colaboración durante.....días de ..... horas, á semana, mes ..... ou ano.....

### Sexta.- Proceso de formación requirido:

A PERSOA VOLUNTARIA adquirirá a formación necesaria dentro da ENTIDADE, asistindo aos cursos ou actividades que esta vaia establecendo.

### Sétima.- Duración do compromiso

O presente acordo terá unha duración indefinida. Calquera das partes poderá deixalo sen efecto, debendo comunicar a súa decisión á outra parte cunha antelación suficiente, segundo o tipo de colaboración que se estea a prestar e, en todo caso, de forma que non supoña prexuízo para o que recibe a comunicación.



# Anexo III:

## MODELO DE CERTIFICADO DE PARTICIPACIÓN DE PERSOAS VOLUNTARIAS

D./D<sup>a</sup>. (nome e apelidos), secretario/a da (nome da entidade de acción voluntaria), NIF: (xxx) e con número de rexistro (indicar nº de rexistro da entidade no Rexistro de acción voluntaria de Galicia), segundo o artigo 11.g) da lei 10/2011, do 28 de novembro, de acción voluntaria, sendo entidade que desenvolve programas de voluntariado nos termos e condicións previstos no citado texto legal.

## **CERTIFICA:**

Que D./D<sup>a</sup>. (nome e apelidos da persoa voluntaria) con DNI (xxx) é/foi voluntaria/o desta entidade dende o(día, mes e ano) e ata o (día, mes e ano, no caso de ter rematada xa a súa colaboración), realizando a acción voluntaria que se especifica de forma gratuíta e desinteresada, consistente en:

- ✓ Nome do programa ou proxecto no que colaborou:
- ✓ Obxectivos do programa ou proxecto de voluntariado:
- ✓ Poboación beneficiaria da actuación:
- ✓ N<sup>a</sup> de horas de colaboración:
- ✓ Lugar de realización da colaboración:
- ✓ Persoa responsable do programa ou proxecto de voluntariado:
- ✓ Funcións e tarefas que desenvolveu a persoa voluntaria neste programa ou proxecto:

E para que conste aos efectos oportunos, esténdese esta certificación en (localidade), a (día, mes e ano).

O SECRETARIO DA ENTIDADE (selo da entidade)

# Anexo IV:

- ADHESIÓN AO SEGURO DE VOLUNTARIADO

-XUSTIFICANTE BANCARIO SEGURO DE VOLUNTARIADO

## SOLICITUD DE ADHESIÓN SEGURO PARA EL VOLUNTARIADO

Responsabilidad Civil y Accidentes para el voluntariado de organizaciones privadas o públicas sin ánimo de lucro.

**TITULAR:** Organizaciones privadas o públicas con arreglo a programas o proyectos sociales

**ACTIVIDAD:** Actividades de interés social, desarrolladas por personas físicas, siempre que las mismas no se realicen en virtud de una relación laboral, funcionarial, mercantil o cualquier otra forma retribuida.

**GARANTÍAS Y SUMAS ASEGURADAS:**

➤ FALLECIMIENTO ACCIDENTAL	8.150,00 €
➤ INVALIDEZ PERMANENTE BAREMO, HASTA	16.300,00 €
➤ INCAPACIDAD PROFESIONAL ABSOLUTA	16.300,00 €
➤ COBERTURA " IN ITINERE"	
➤ GASTOS SANITARIOS ILIMITADOS (EN CLINICAS CONCERTADAS)	
➤ RESPONSABILIDAD CIVIL (*)	750.000 €
(*) FRANQUICIA: 30 €	
<b>LIMITE MÁXIMO POR SINIESTRO</b>	<b>750.000 €</b>

**DURACION:** ANUAL PRORROGABLE.

**COSTE DEL SEGURO** 3,50 € Por Voluntario/año (SIN PRIMA MÍNIMA)

<b>RAZON SOCIAL:</b> ASOCIACIÓN VIGUESA DE ESCLEROSIS MÚLTIPLE DE PONTEVEDRA
<b>CIF:</b> G36816106
<b>DIRECCION:</b> Camilo Veiga, 44 BAJO C.P.: 36208
<b>POBLACIÓN:</b> Vigo <b>PROVINCIA:</b> PONTEVEDRA
<b>PERSONA DE CONTACTO:</b> MIGUEL ÁNGEL SANCHEZ PRÍAN
<b>TELEFONOS:</b> 986298865/685113398 <b>EMAIL:</b> aveupvig@hotmail.com
<b>CUENTA BANCARIA:</b> ES35 2100 5095 3902 0002 6946
<b>FECHA EFECTO:</b> 16/06/2018
<b>Nº DE VOLUNTARIOS:</b> 5

**Fdo. y sellado** ASOCIACIÓN VIGUESA  
DE ESCLEROSIS MÚLTIPLE  
C/ Camilo Veiga, 44 - Bajo  
G-36816106



De acuerdo con lo establecido en la Ley Orgánica 15/1999 de Protección de Datos de carácter personal y con el Real Decreto 1720/2007, ILUNION Mediación, correduría de seguros S.A. le informa que los datos de carácter personal aportados, serán incorporados en una base de datos, con la finalidad de establecer relaciones comerciales de corredores de seguros, y pudiendo ser utilizados para futuras acciones promocionales o de marketing, incluyendo el envío de ofertas comerciales de sus productos y servicios.

El titular no consiente la cesión de sus datos a ILUNION Mediación, correduría de seguros S.A. para finalidades publicitarias o de marketing. Como titular de los datos podrá dirigirse en cualquier momento, por escrito, a ILUNION Mediación, correduría de seguros S.A., con CIF A79945598, y con dirección en C/ Albacete, 3 28027 Madrid, o a la dirección de correo [protecciondatos@ilunion.com](mailto:protecciondatos@ilunion.com), para ejercer sus derechos de acceso, rectificación, cancelación u oposición, así como para revocar el consentimiento para el uso o cesión de sus datos para fines comerciales o de marketing.



✗ Si quiere utilizar este comunicado como comprobante, recórtelo por la línea discontinua.



Domiciliación de pagos  
Cargo

Fecha	Código Cuenta Cliente (CCC)	Identificador cuenta IBAN	Referencia
13.03.23	2100 5095 39 0200026946	ES35 2100 5095 3902 0002 6946	0432-195199-000000001157

Fecha Valor	Entidad ordenante/Identificador(*)	Titular
13.03.23	ILUNION MEDIACION ES94000A79945598	AVEMPO

N. Rec. 1428527 Comp. MAPFRE VOL Pol. 0249701-0011824-2072 Periodo 01032023a1010  
32024 Riesgo ACC VOLUNT - 5 ASEGURADOS

En cumplimiento con la normativa SEPA es posible que el concepto esté incompleto.  
Para más información sobre el cargo, debe dirigirse a la entidad ordenante.

Le notificamos que hemos anotado en la cuenta de referencia el cargo que se detalla.

(\*) Los datos que figuran han sido facilitados por la entidad ordenante. Para cualquier aclaración, debe dirigirse a esta.

REF. SEPA BÁSICO: 7000002145

ASOCIACION VIGUESA DE ESCLEROSIS MULTIPLE05095-00	Importe	17,50
---	---------	-------

CAMILO VEIGA 44 BJ  
36208 VIGO PONTEVEDRA

<b>Total</b>	<b>17,50</b>
--------------	--------------

Director Ejecutivo  
de Medios

Teléfono oficina: 986826840

CaixaBank, S.A. C/ Pintor Sorolla, 2-4, 46002 Valencia, NIF A08663619 - Inscrita R.M. Valencia, tomo 10370, folio 1, hoja número V-178351, inscripción 2ª  
130720 00004 925467 0116 10925467 00925556 BIC-BBVAESMMXXX 0569 035 000 Mod.20.92175-95 654845022037-00 U